

O programa electoral do PP : copia e pega

Haberá aínda alguén que realmente crea as promesas electorais do PP? En cantas eleccións municipais prometeron una residencia para a terceira idade? Canto levan feito polo desenvolvemento local? Canto traballo levan contratado coas empresas da vila? De que falan cando din que van potenciar o turismo? Que fixeron cos impostos municipais? Non vos sona a vello iso da piscina climatizada?...

O programa para estas eleccións municipais do PP non só se queda nun copia e pega de programas pasados, senon que ademais resalta todas as promesas incumpridas ao longo de distintas legislaturas.

No BNG ademais teríamos que ser de pedra para non dicir algunhas cousas ao respecto do mesmo :

- Sobre o transporte público, ao principio desta legislatura agora rematada, o BNG interpelamos ao grupo de goberno para que se solucionara o horario imposible dos buses de Cedeira a Ferrol, falamos do 2011, seguimos a espera.
- Sobre o novo centro de saúde, levamos catro anos tamén á espera de que o PP pense onde se pode facer (iso si, a comisión de urbanismo, nunca foi convocada).
- Menos mal que se lembran agora de que hai que “completar os sistemas da EDAR”, cantas veces llelo tivemos que repetir ao longo destes catro anos?, pero todo o relacionado co bo funcionamento da depuradora “era tan caro!”, dicían, iso si para obras que non foran de primeira necesidade houbo cartos. Agora ben, o saneamento e a depuración de augas residuais non era para eles unha prioridade e entón mellor non facer nada. Si os do BNG dicíamos que o río tiña uns índices de fecais elevadísimos, a solución do PP era negalo e punto.
- Sobre a rede de sumidoiros das parroquias, o mesmo, acórdanse de que existen só na campaña electoral, un consello, xa de paso prometan tamén a limpeza e mantemento das pistas que teñen todo un pouco abandonado.
- Espazo de asociacións, non son vostedes conscientes da cantidade de asociacións ás que lles tomaron o pelo nestes catro anos?.
- Coas pistas de padel o mesmo, era tan difícil cubrilas? Ou non se acordaron ata agora.
- Sobre o porto deportivo, medo nos debía dar, pensar en quen parece que o vai a facer, anunciaron na prensa que o grupo Ribera de Oja, empresa dun antigo cargo do PP da Rioxá condenado por prevaricación (ver noticia do 6 de maio no Ollaparo).
- Plan de emprego municipal, todas e todos os veciños deste pobo coñecemos en que consisten os plans de emprego municipais do PP, verdade?

O único que supón unha innovación na campaña electoral do PP é pedir o voto dende un palco no medio dunha festa, intentando aproveitarse do traballo de quen a organiza e das persoas que a queren disfrutar.

HAI QUE BOTALOS FÓRA!!!